


# XXX CONCURSO CIENCIAS SOCIAIS. MARATÓN DE PREGUNTAS. III CATEGORÍA. Ed. Secundaria e Bacharelato (4º ESO, 1º e 2º Bach.)

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Sección \_\_\_\_\_

1. Completa este pasapalabra.




Por A: Tesouro tartesico	Aliseda
Por B: Primeira muller en circunnavegar a terra.	Baret
Por C: Presidente da Generalitat encarcerado en 1934.	Companyns
Por D: Termo actual que se emprega para referirse ao fenómeno da gota fría en meteoroloxía.	DANA
Por E: Lixeiro avultamento que presenta o fuste nas columnas de orde dórica ou toscana.	Éntase
Por F: Municipio da bisbarra de Tabeirós-Terra de Montes.	Forcarei
Por G: Provincia onde se instalou a primeira central nuclear en España.	Guadalajara
Por H: Dinastía dos derradeiros emperadores de Alemaña.	Hohenzollern
Por I: Nacionalidade das dúas mulleres premio Pritzker do 2020.	Irlandesa
Por K: Monstruo que emerxe das profundidades para destrozarmbarcacións na mitoloxía norueguesa	Kraken
Por L: País báltico que limita ao norte con Estonia.	Letonia
Por M: Resina aromatizante branqueciña e curativa típica de Quíuos.	Mástique
Por N: Cidade nipona onde caeu unha bomba atómica.	Nagasaki
Por O: Vila onde se atopa a tumba de Calomarde.	Olba
Por P: Nome que lles dan os maoríes aos neozelandeses de orixe europea.	Pakeha
Por R: Parte do feudo de explotación directa do señor, onde normalmente se sitúa o castelo ou mosteiro.	Reserva
Por S: Apelido do artista autor do collage <i>Perro bolso con pene</i> .	Salcedo
Por T: Xunto con Cánova, escultor máis notable do neoclasicismo.	Thorvaldsen
Por U: Río que desemboca na ría de Arousa e que presenta a 2ª conca en extensión de Galicia.	Ulla
Por V: Escravos que axudaban aos seus donos a poñerse a toga.	Vestiplicus
Por Z: Quen escribiu que a carta do 15/9/1924 que se lle atribúe era unha impostura?	Zinoviev

2. Que localidade galega vemos á esquerda e cal ameriense á dereita?



Lira



Níjar

3. Contesta a estas cuestións.

1. Un dos sete outeiros de Roma, onde ameazaron os plebeios con retirarse e fundar unha cidade nova sen os patricios	Aventino
2. Bisbarra de Cáceres que queda documentada por Buñuel en 1933.	As Hurdes
3. Capital de Bolivia.	A Paz/Sucre
4. Mariscal soviético a quen se lle caeu torpemente a espada que Churchill lle regalou a Stalin na conferencia de Teherán de 1943.	Voroshilov
5. Segmento de arco que sobrevoa as naves laterais nunha construción gótica para transmitir os empuxes da bóveda de cruceira ao exterior nuns contrafortes e que poden levar gárgolas.	Arcobotantes
6. Por canto se vendía unha escrava negra (boa lavandeira e pranchadora), dando razón disto Doña Julieta Osegura según aparece no <i>Diario del Gobierno de La Habana</i> (13-10-1819)?	600 pesos
7. En que golfo desemboca o río Misisipi-Missouri?	México
8. Líder do carlismo expulsado por Franco en plena guerra civil por xurar os foros vascos e ser contrario ao Decreto de Unificación de 1937 e que foi detido pola Xestapo, salvándose por pouco de morrer nun campo de concentración nazi.	Javier de Borbón-Parma
9. Pintura dividida en múltiples seccións unidas por bisagras, típicas dos primitivos flamencos.	Políptico
10. Artista pontevedresa de forte impacto que actuou no Folies Bergere, amante do tsar Nicolás II, Alfonso XIII, Leopoldo II de Bélxica e o kaiser Guillermo II.	La bella Otero (Carolina)
11. Canto pagou o coleccionista vasco Valdés pola pintura de El Greco <i>Cristo en el monte de los olivos</i> o <i>Oración en el huerto de Getsemani</i> ao convento das Carmelitas Descalzas de Santa Teresa en San Sebastián según conta un sobriño da nai superiora (Carmen Guevara Lizaur)?	75.000 pesetas
12. Expresión filipina (lingua tagala) que se emprega para consolar ao que chora (“deixa de chorar”) e que se pronuncia entre nana e nana, e que tamén quere dicir síntete a salvo.	Tahan na
13. Siglas que designan á Organización Mundial do Comercio, creada a institución en 1995.	OMC
14. Que teñen en común as tumbas dos ditadores Trujillo, Batista e Pérez Jiménez?	Están en Madrid
15. Barrio famoso da cidade de Sevilla a carón do río Guadalquivir onde se sitúa a rúa Betis.	Triana
16. Tesouro con maior peso en metal aurífero encontrado en España.	Caldas Reis/Silgadas
17. Tipo de liberalismo que pretendía conciliar os intereses da alta burguesía cos da nobreza e o clero, pretendendo limitar os efectos revolucionarios e o sufraxio universal e que postulaba o principio da soberanía compartida (Rei e Cortes).	Doutrinario/Moderado
18. Último monarca que ten dado Galicia en 1000 anos.	Alfonso Graña (Amazonia)
19. Primeira muller en ser galardoada coa importante Orde de Isabel La Católica polo seu talento artístico no século XIX.	Rosa Bonheur
20. ...por certo, como caracteriza ao Cid esta artista na súa pintura de 1879?	León
21. ...e que prenda de vestir poido usar, pedindo un permiso de travestismo, posto que estaba reservada aos homes?	Pantalón
22. Cal destes países non formaba parte dos aliados na II Guerra Mundial: URSS, Francia, EE.UU, Xapón ou Gran Bretaña?	Xapón
23. Que figura aparece marcada no cubilete que leva a <i>Cabeza Mecánica</i> de Hausman, artista dadaísta?	Corazón
24. Nome do soldado automutilado do Exército Popular atendido no Hospital Militar nº 14 de Madrid (rúa Puebla 1) que foi atendido polo doutor Soto e que ingresou o 22 de xuño de 1938 e saíu o 10 de agosto dese mesmo ano, según consta no Arquivo Xeral e Histórico de Defensa.	Tomás Bargola Caballero
25. Cal dos 5 grandes lagos de norteamérica ocupa territorio exclusivamente estadounidense?	Michigan
26. Que país ten por bandeira tres franxas horizontais: vermella, branca (con dúas estrelas verdes) e negra?	Siria
27. País do mundo con maior número de Reservas da Biosfera.	España
28. Período da prehistoria que precede á idade dos metais e na que se desenvolve a economía productiva, a pedra pulida e a cerámica.	Neolítico
29. Médico cirurxián santiagués, pioneiro no uso do desinfectante, condeado a morte polos republicanos en 1938 pero que no sería executado, aínda que logo foi sometido a un Consello de Guerra polos sublevados do que foi absolto.	Mariano Gómez Ulla
30. Nome que en Australia recibe a botella de cervexa marrón, rechoncha e curta.	Stubbie

4. Completa esta historia interesante:

Naceu en Vigo o 17 de abril de 1898 e o seu tío foi Ministro de Facenda durante o reinado de Alfonso XIII **Francisco Urzáiz Guzmán**. Que *Desastre* sucedeu ese ano para España? **Perda das colonias**. Incorporóuse a Academia de Infantería de Toledo en setembro de 1914 iniciada...que famosa guerra? **I Guerra Mundial ou Gran Guerra**.  
 Quen o ía relevar nunha garda na Sala de Bandeiras do cuartel de San Carlos o 8 de outubro de 1920 cando se lle disparou a arma nun accidente, feríndose el mesmo e a este outro militar? **Joaquín Carretero Carrero**.  
 Por onde lle saíu a bala que o feriu gravemente máis tarde, o 2 de outubro de 1921 na Compañía de Marrocos segundo a súa folla clínica? **Por debaixo do trocanter esquerdo**. Que outro *Desastre* padeceu España nese ano? **Desastre de Annual**.  
 Declarado inútil e con boa pensión, foi presidente dun clube de fútbol en 1926. Cal? **Iberia F.C.**.  
 A que provincia pertencía daquela ese equipo? **Canarias**.

Defendeu en 1932 a José Antonio Primo de Rivera, Miguel Primo de Rivera e Sancho Dávila por unha trifulca ocorrida nun café en 1930. Contra que militar? \_\_\_\_\_ **Queipo de Llano** \_\_\_\_\_.

Durante a Guerra Civil colaborou cos republicanos na instrucción militar e poido, grazas ao cargo, interceder polo seu irmán menor que foi acusado de “desafecto ao réxime” e ter colaborado cos Tradicionalistas e Renovación Española, de dereitas. Que Tribunal o xulgou e declarou absolto en maio de 1937? \_\_\_\_\_ **Xulgado Instructor nº 5 dos Xurados de Urgencia** \_\_\_\_\_.

Logo comezou a colaborar coa “Quinta columna” para facer mérito cos rebeldes e apoiou finalmente o golpe de Casado que acabou entregando Madrid aos sublevados. Porén, non escapou da xustiza franquista e decretouse o seu envío a un campo de concentración. Ao final intercederon por el e marchou a Francia, pero voltou a España e morreu en Madrid no ano \_\_\_\_ **1940** \_\_\_\_.

A quen se identificou sempre nas fotografías como o único civil que aparece no acto de rendición de Casado do 28-3-1939 \_\_\_\_\_ **Diego Medina Garijo** \_\_\_\_\_, médico de Casado e que, sen embargo, semella polas derradeiras investigacións, non é outro ese personaxe da fotografía que o protagonista destas preguntas?